

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 17 DE XUÑO DO 2021.**

ASISTENTES:

Presidente: RUIZ RIVAS MANUEL SANTOS Membros que asisten: SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE DOVAL SAMPEDRO RAMON JOSE BARREIRO REGO ANA ISABEL REIRIZ LAMPON VICTOR BRION SANTAMARIA JUANA MARIA PEREIRA AGEITOS ELVIRA	Interventor: BAO CASTRO PABLO Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten:
---	--

No Salón de Sesiós da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 09:30 do día dezasete de xuño do dous mil vinte e un, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 10/06/2021.

2.- APRAZAMENTO DAS PRÓRROGAS DOS ANOS 2020 E 2021 PARA OS ANOS 2022 E 2023 E CONCESIÓN DA PRÓRROGA PARA O ANO 2022 DO CONTRATO ASINADO CON "ESPECTÁCULOS AMB PRODUCCIONES, S.L." PARA A ORGANIZACIÓN DA "FEIRA ARTESANAL E MARIÑEIRA ARTEMAR 2019, CON POSIBILIDADE DE PRÓRROGA PARA OS ANOS 2020 E 2021".

Expediente: 2019/CESP000001

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada na data 18/07/2019, acordou adxudicar o contrato da "Organización da feira artesanal e mariñeira Artemar 2019, con



posibilidade de prórroga para os anos 2020 e 2021” á empresa Espectáculos AMB Producciones S.L. con CIF B-96897236.

O correspondente contrato formalizouse en documento administrativo na data 05/08/2019.

Rexen no contrato o Prego de prescricións técnicas e o Prego de cláusulas administrativas particulares aprobados pola Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 09/05/2019.

De acordo coa cláusula “D” do contrato, en relación coa cláusula 3 do Prego de cláusulas administrativas particulares, “...O contrato poderá ser prorrogado de forma anual ata un máximo de dúas prórrogas (anos 2020 e 2021). A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario. En caso de prórrogas a duración sería do 13 ó 16 de agosto de 2020, ambos incluídos e do 19 ó 22 de agosto de 2021, ambos incluídos.”

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión da data 20/02/2020, aprobou a prórroga para o ano 2020 do contrato denominado “ORGANIZACIÓN DA FEIRA ARTESANAL E MARIÑEIRA ARTEMAR 2019, CON POSIBILIDADE DE PRÓRROGA PARA OS ANOS 2020 e 2021”, do que é adxudicataria a entidade ESPECTÁCULOS AMB PRODUCCIONES S.L. CIF B-96897236, e de conformidade co establecido no Prego de prescricións técnicas e no Prego de Cláusulas Administrativas que rexen o contrato.

Con data 24/05/2021 tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello, co número 8.274, un escrito da empresa contratista solicitando o aprazamento das prórrogas do contrato (anos 2020 e 2021) para os anos 2022 e 2023, debido a que por causas de forza maior derivadas da crise sanitaria provocada pola COVID19, a edición do ano 2020 non puido celebrarse e a do ano 2021 tampouco de pode celebrar.

Con data 25/05/2021 emitíuse informe favorable á solicitude de aprazamento das prórrogas do contrato (anos 2020 e 2021) para os anos 2022 e 2023, asinado pola técnica de turismo municipal Sandra María Fernández Gómez como responsable do contrato.

Con data 08/06/2021, o secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle tamén emite informe favorable ó aprazamento das prórrogas do contrato.

Con data 10/06/2021, o interventor Pablo Bao Castro emite informe favorable de fiscalización previa e limitada.

Vistos os antecedentes citados,

Vista a proposta da Alcaldía, de data 11/06/2021, a **XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **adopta os seguintes acordos:**

PRIMEIRO.- Aprobar o aprazamento das prórrogas dos anos 2020 e 2021 para os anos 2022 e 2023 do contrato denominado “ORGANIZACIÓN DA FEIRA ARTESANAL E MARIÑEIRA ARTEMAR 2019, CON POSIBILIDADE DE PRÓRROGA PARA OS ANOS 2020 e 2021”, do que é adxudicataria a entidade ESPECTÁCULOS AMB PRODUCCIONES S.L. CIF B-96897236.



SEGUNDO.- Aprobar a prórroga do contrato para o ano 2022, tendo en conta que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión da data 20/02/2020, aprobou a prórroga para o ano 2020 e esta non se levou a cabo da debido a causas de forza maior derivadas da crise sanitaria provocada pola COVID19.

TERCEIRO.- Dar conta da presente Resolución a Intervención e a Tesourería aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.

CUARTO.- O contratista deberá realizar o pago do canon anual ofertado ó menos 10 días naturais antes do inicio da Feira.

QUINTO.- Notificar ao contratista a aprobación do aprazamento das prórrogas e a concesión da prórroga para o ano 2022, con indicación dos recursos pertinentes.

3.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN DE CARBURANTE PARA OS VEHÍCULOS DO PARQUE MÓBIL E MAQUINARIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBEIRA.

Expediente: 2021/C_SU000007

Visto o expediente que se tramita para contratar a **Subministración de carburante para os vehículos do parque móbil e maquinaria municipal do Concello de Ribeira por dous (2) anos, prorrogables por dúas anualidades máis ano a ano, de tal forma que a duración máxima do contrato pode alcanzar os catro (4) anos.**

O orzamento máximo de licitación anual é de 53.800,00 euros (orzamento base anual: 44.462,81 euros; IVE 21% anual: 9.337,19 euros). Valor estimado do contrato: 177.851,24 euros (44.462,81 euros por cada un dos dous anos de duración do contrato e por cada un das dúas posibles prórrogas).

Constan no expediente os seguintes documentos:

- 1) Xustificación da necesidade e proposta do inicio do expediente de contratación por procedemento aberto asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data 31/05/2021 e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- 2) Informe xustificativo da non división en lotes do contrato asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data 02/06/2021.
- 3) Prego de prescricións técnicas asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data 02/06/2021.
- 4) Documento contable "RC" expedido polo interventor Pablo Bao Castro, na data 03/06/2021 (número de operación 2021 22011580), de retención de créditos con cargo ás aplicacións orzamentarias 132 22103, 135 22103, 136 22103, 151 22103, 171 22103, 231A 22103, 312B 22103, 342 22103, 453 22103, 920 22103.
- 5) Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación por procedemento aberto, con un único criterio de adjudicación (prezo máis baixo), asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 03/06/2021.
- 6) Informe xurídico emitido polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 08/06/2021, no que conclúe informando favorablemente o expediente de contratación.
- 7) Informe de fiscalización previa emitido polo interventor Pablo Bao Castro na



data 10/06/2021, no que conclúe informando favorablemente o expediente.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de subministración, tal e como establecen os artigos 16 e 25 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Vistos os artigos 117, 122 e 124 da LCSP.

Vistas as Disposicións Adicionais segunda e terceira do LCSP.

Vista a proposta da Alcaldía, de data 11/06/2021, a **XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **adopta os seguintes acordos:**

PRIMEIRO.- Aprobación o expediente de contratación para a Subministración de carburante para os vehículos do parque móbil e maquinaria municipal do Concello de Ribeira por dous (2) anos, prorrogables por dúas anualidades máis ano a ano, de tal forma que a duración máxima do contrato pode alcanzar os catro (4) anos.

O orzamento máximo de licitación anual é de 53.800,00 euros (orzamento base anual: 44.462,81 euros; IVE 21% anual: 9.337,19 euros). Valor estimado do contrato: 177.851,24 euros (44.462,81 euros por cada un dos dous anos de duración do contrato e por cada un das dúas posibles prórrogas).

SEGUNDO.- Aprobación o Prego de prescricións técnicas asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data 02/06/2021.

TERCEIRO.- Aprobación o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, por procedemento aberto, con un único criterio de adxudicación (prezo máis baixo), asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 03/06/2021.

CUARTO.- Aprobación o gasto con cargo ás aplicacións orzamentarias 132 22103, 135 22103, 136 22103, 151 22103, 171 22103, 231A 22103, 312B 22103, 342 22103, 453 22103, 920 22103.

QUINTO.- Dispoñer a apertura do expediente de adxudicación por procedemento aberto con un único criterio de adxudicación (prezo máis baixo).

SEXTO.- Conforme establece a cláusula 10 do Prego de cláusulas administrativas particulares, a licitación anunciarase no Perfil de Contratante do Concello (artigo 159.2 da LCSP).

SÉTIMO - Conforme establece a cláusula 13 do Prego de cláusulas administrativas particulares, a documentación e proposicións que presenten os licitadores deberá presentarse única e exclusivamente de forma electrónica. Con carácter exclusivo e excluínte presentaranse as ofertas no Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX), dirección electrónica: https://silex.conselleriadeconomia.es/SLE_Internet/, e conforme os requisitos técnicos establecidos na citada Plataforma. En consecuencia non poderán presentarse en formato papel.

OITAVO.- Segundo establece a cláusula 17 e a epígrafe H do Anexo I (cadro de características do contrato) do Prego de cláusulas administrativas particulares a Mesa de Contratación estará composta de conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello na súa su sesión ordinaria de data 25/06/2018.



4.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLE DE CALEFACCIÓN PARA OS EDIFICIOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE RIBEIRA.

Expediente: 2021/C_SU000008

Visto o expediente que se tramita para contratar a **Subministración de combustible de calefacción para os edificios municipais do Concello de Ribeira por dous (2) anos, prorrogables por dúas anualidades máis ano a ano, de tal forma que a duración máxima do contrato pode alcanzar os catro (4) anos.**

O orzamento máximo de licitación anual é de 64.200,00 euros (orzamento base anual: 53.057,85 euros; IVE 21% anual: 11.142,15 euros). Valor estimado do contrato: 212.231,40 euros (53.057,85 euros por cada un dos dous anos de duración do contrato e por cada unha das dúas posibles prórrogas).

ANTECEDENTES DE FEITO:

Constan no expediente os seguintes documentos:

- 1) Xustificación da necesidade e proposta do inicio do expediente de contratación por procedemento aberto asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data 07/06/2021, e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas, na data 08/06/2021.
- 2) Informe xustificativo da non división en lotes do contrato asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data 07/06/2021.
- 3) Prego de prescricións técnicas asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data 07/06/2021.
- 4) Documento contable "RC" expedido polo interventor Pablo Bao Castro, na data 10/06/2021 (número de operación 2021 22011970), de retención de créditos con cargo ás aplicacións orzamentarias 320 22103, 334 22103, 342 22103 e 933 22103.
- 5) Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación por procedemento aberto, con un único criterio de adxudicación (prezo máis baixo), asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas, na data 09/06/2021.
- 1) Informe xurídico emitido polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 10/06/2021, no que conclúe informando favorablemente o expediente de contratación.
- 2) Informe de fiscalización previa emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 10/06/2021, no que conclúe informando favorablemente o expediente.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de subministración, tal e como establecen os artigos 16 e 25 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Vistos os artigos 117, 122 e 124 da LCSP.

Vistas as Disposicións Adicionais segunda e terceira do LCSP.

Vista a proposta da Alcaldía, de data 11/06/2021, a **XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **adopta os seguintes acordos:**



PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación para a Subministración de combustible de calefacción para os edificios municipais do Concello de Ribeira por dous (2) anos, prorrogables por dúas anualidades máis ano a ano, de tal forma que a duración máxima do contrato pode alcanzar os catro (4) anos.

O orzamento máximo de licitación anual é de 64.200,00 euros (orzamento base anual: 53.057,85 euros; IVE 21% anual: 11.142,15 euros). Valor estimado do contrato: 212.231,40 euros (53.057,85 euros por cada un dos dous anos de duración do contrato e por cada unha das dúas posibles prórrogas).

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data 07/06/2021.

TERCEIRO.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, por procedemento aberto, con un único criterio de adxudicación (prezo máis baixo), asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 09/06/2021.

CUARTO.- Aprobar o gasto con cargo ás aplicacións orzamentarias 320 22103, 334 22103, 342 22103 e 933 22103.

QUINTO.- Dispoñer a apertura do expediente de adxudicación por procedemento aberto con un único criterio de adxudicación (prezo máis baixo).

SEXTO.- Conforme establece a cláusula 10 do Prego de cláusulas administrativas particulares, a licitación anunciárase no Perfil de Contratante do Concello (artigo 159.2 da LCSP).

SÉTIMO - Conforme establece a cláusula 13 do Prego de cláusulas administrativas particulares, a documentación e proposicións que presenten os licitadores deberá presentarse única e exclusivamente de forma electrónica. Con carácter exclusivo e excluínte presentaranse as ofertas no Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX), dirección electrónica: https://silex.conselleriadeconomia.es/SLE_Internet/, e conforme os requisitos técnicos establecidos na citada Plataforma. En consecuencia non poderán presentarse en formato papel.

OITAVO.- Segundo establece a cláusula 17 e a epígrafe H do Anexo I (cadro de características do contrato) do Prego de cláusulas administrativas particulares a Mesa de Contratación estará composta de conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello na súa sesión ordinaria de data 25/06/2018.

5.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO DE ASCENSORES, MONTACARGAS, ESCALEIRAS MECÁNICAS E PORTAS AUTOMÁTICAS EN EDIFICIOS PROPIEDAD DO CONCELLO DE RIBEIRA E CENTROS ESCOLARES.

Expediente: 2021/C_SE000002

Visto o expediente que se tramita para contratar os SERVIZOS DE MANTEMENTO DE ASCENSORES, MONTACARGAS, ESCALEIRAS MECÁNICAS E PORTAS AUTOMÁTICAS EN EDIFICIOS PROPIEDAD DO CONCELLO DE RIBEIRA E CENTROS ESCOLARES.

O contrato terá unha duración de un ano, desde o inicio da prestación do servizo, sendo prorrogable por sucesivos períodos anuais, con posibilidade dun máximo de tres



prórrogas, ata poder alcanzar un prazo máximo de duración de catro anos.

ANTECEDENTES DE FEITO:

Constan no expediente os seguintes documentos:

1) Xustificación da necesidade e proposta do inicio do expediente de contratación asinada polo arquitecto municipal Martín Cerrada Álvarez, na data 21/05/2021 e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.

2) Informe asinado na data 21/05/2021 pola técnico de administración xeral do Concello María Sieira Ríos no que se manifesta *"que, examinado o cadro de persoal previsto no orzamento xeral do Concello de Ribeira para o ano 2020, aprobado por acordo de data 06/07/2020 e publicado no Boletín Oficial da Provincia número 105 de data 10/07/2020 e prorrogado para este ano 2021, non existe persoal cualificado para o desempeño da prestación obxecto do contrato de servizos de mantemento das instalacións de ascensores, montacargas, escaleiras mecánicas e portas automáticas..."*

3) Documento contable "RC" expedido polo interventor Pablo Bao Castro, na data 25/05/2021 (número de operación 2021 22010850), de retención de créditos con cargo ás aplicacións orzamentarias 933 21301, 431A 21301, 132 21301, 323 21301, 333 21301, 337 21301, 342 21301 e 320 21301.

4) Prego de prescricións técnicas asinado polo arquitecto municipal Martín Cerrada Álvarez, na data 10/06/2021.

5) Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación por procedemento aberto, con un único criterio de adxudicación (prezo máis baixo), asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 08/06/2021.

6) Informe xurídico emitido polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 11/06/2021, no que conclúe informando favorablemente o expediente de contratación.

7) Informe de fiscalización previa emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 14/06/2021, no que conclúe informando favorablemente o expediente.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de servizos, tal e como establecen os artigos 17 e 25 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Vistos os artigos 117, 122 e 124 da LCSP.

Vistas as Disposicións Adicionais segunda e terceira do LCSP.

Vista a proposta da Alcaldía, de data 14/06/2021, a **XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **adopta os seguintes acordos:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación dos SERVIZOS DE MANTENIMENTO DE ASCENSORES, MONTACARGAS, ESCALEIRAS MECÁNICAS E PORTAS AUTOMÁTICAS EN EDIFICIOS PROPIEDAD DO CONCELLO DE RIBEIRA E CENTROS ESCOLARES, cun orzamento total de licitación anual de 48.852,24 euros (orzamento base anual: 40.373,75 euros; IVE 21% anual: 8.478,49 euros) e un valor estimado do contrato de 161.495,00 euros, que se dividirá en lotes do seguinte xeito:

Lote 1 ASCENSORES: orzamento total anual de 32.155,42 euros (orzamento base anual: 26.574,73 euros; IVE 21% anual: 5.580,69 euros).

Lote 2 MONTACARGAS: orzamento total anual de 2.923,28 euros (orzamento base anual: 2.415,93 euros; IVE 21% anual: 507,35 euros).



Lote 3 ESCALEIRAS MECÁNICAS: orzamento total anual de 8.984,12 euros (orzamento base anual: 7.424,89 euros; IVE 21% anual: 1.559,23 euros).

Lote 4 PORTAS AUTOMÁTICAS: orzamento total anual de 4.789,42 euros (orzamento base anual: 3.958,20 euros; IVE 21% anual: 831,22 euros).

O contrato terá unha duración de un ano, desde o inicio da prestación do servizo, sendo prorrogable por sucesivos períodos anuais, con posibilidade dun máximo de tres prórrogas, ata poder alcanzar un prazo máximo de duración de catro anos.

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas asinado polo arquitecto municipal Martín Cerrada Álvarez, na data 10/06/2021.

TERCEIRO.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación por procedemento aberto, con un único criterio de adxudicación (prezo máis baixo), asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 08/06/2021.

CUARTO.- Aprobar o gasto con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias: 933 21301, 431A 21301, 132 21301, 323 21301, 333 213 01, 337 21301, 342 21301 e 320 21301.

QUINTO.- Dispoñer a apertura do expediente de adxudicación por aberto con un único criterio de adxudicación (prezo máis baixo)

SEXTO.- Conforme establece a cláusula 2.3.3 do Prego de cláusulas administrativas particulares, a licitación anunciárase no Perfil de Contratante do Concello (artigo 135 da LCSP).

SÉTIMO.- Dar conta da presente resolución ó Pleno da Corporación na primeira Sesión Ordinaria que este celebre, de acordo co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

6.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202106/126

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 09/06/2021 "Decreto: Aprobación do plan de seguridade e saúde das obras do proxecto denominado "RENOVACIÓN DA LIÑA DE ABASTECIMIENTO NO LUGAR DA MÁMOA (CARREIRA)""

7.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202106/128

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 09/06/2021 "Decreto: Resolución por la que se acuerda inicio del proceso de Consulta Preliminar al Mercado para pasos de peatones más seguros en el marco de la Edusi Más Ribeira Atlánticas y se ordena la publicación de las bases de la convocatoria de dicha consulta"



8.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202106/129

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 09/06/2021 "Decreto: Aprobación do plan de seguridade e saúde das obras do proxecto denominado "BEIRARRÚAS E PLUVIAIS EN CUBELIÑOS (RIBEIRA)""

9.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202106/130

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 09/06/2021 "Decreto: CLASIFICACIÓN DE LAS OFERTAS Y REQUERIMIENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA LA ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO DENOMINADO "IMPLEMENTACIÓN DE LOS SERVICIOS DE "E-ADMINISTRACIÓN""

10.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202106/131

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 09/06/2021 "Decreto: CLASIFICACIÓN DE LAS OFERTAS Y REQUERIMIENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA LA ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO DENOMINADO "SUMINISTRO, INSTALACIÓN, OPERACIÓN Y MANTENIMIENTO DE UNA RED INALÁMBRICA WIFI EN EL MARCO DEL PROYECTO WIFI4EU""

11.- LICENZA MUNICIPAL PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA NO LUGAR DE DEÁN GRANDE, RIBEIRA. PROMOTOR: MIGUEL ÁNGEL SUÁREZ MUIÑOS. ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL: 148.725,65€

VISTA a solicitude de licencia urbanística presentada por **D. Miguel Ángel Suárez Muíños** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA** no lugar de **Deán Grande, Ribeira**, en parcela resultante da Escritura Pública de agrupación das parcelas con refª catastrais nº 15074A938008770000UT e 15074A938008760000UL autorizada polo notario D. José Prieto Luengo o día 11 de novembro de 2020, nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 13 de agosto de 2020 redactado por D. Sergio Lucio Paniccia, (arquitecto Col. nº 1.451)

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como os informes do arquitecto técnico e tarefas de asesoramento desta Corporación municipal de data 8 de xuño de 2021, do técnico de administración xeral de data 8 de xuño de 2021 e do secretario xeral da Corporación de data 9 de xuño de 2021, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER a **D. Miguel Ángel Suárez Muíños** **LICENZA DE OBRAS (Nº 13/21)** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA** no lugar de **Deán Grande, Ribeira**, en parcela resultante da Escritura Pública de agrupación das parcelas con refªS catastrais nº 15074A938008770000UT e 15074A938008760000UL autorizada polo



notario D. José Prieto Luengo o día 11 de novembro de 2020, nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 13 de agosto de 2020 redactado por D. Sergio Lucio Paniccia, (arquitecto Col. nº 1.451):

*-Deberá realizar a **previa cesión a dominio e uso público** da zona afectada por aliñeacións na franxa sita ao longo do vial, **cunha superficie de cesión en total de 129,00 m²**), e completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal **unha fianza de 421,44 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.***

*-Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde.***

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

-Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.

-Acta de recepción de edificio terminado.

-Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.

-Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveis sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*



- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Resíduos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participaráse a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".

O

s servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.



SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

12.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA FINCA -Josefa Regueira Millán

Visto o escrito presentado por Josefa Regueira Millán, de data 28/05/2021 (Registro de entrada nº 8.667), no que solicita calificación urbanística de parcela con refª catastral nº 15074A022011210000KH.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico, Manuel Sabín Sabín, de data 10/06/2021, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

De acordo co PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL de RIBEIRA, aprobado en sesión plenaria extraordinaria celebrada o 17 de decembro de 2002. Ao obxecto de ver a viabilidade do solicitado e axustarse á normativa sinalada, e a Lei do Solo 2/2016, a Disposición Transitoria Primeira, e ademais para este caso concreto, no que se sinala unha finca de referencia catastral 15074A022011210000KH, está clasificada como **SOLO RÚSTICO**.

13.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DE REFORMA Y AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR, CONTRUÍDA AO AMPARO DA LICENZA DE OBRA Nº 19/19 (XUNTA DE GOBERNO LOCAL 27/06/2019). LUGAR: LUGAR DE SEGO Nº 12, ARTES (RIBEIRA). PROMOTOR: MIGUEL A. BARREIRO REIRIZ

VISTA a solicitude de licenza de primeira ocupación para REFORMA Y AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR, CONTRUÍDA AO AMPARO DA LICENZA DE OBRA Nº 19/19



(XUNTA DE GOBERNO LOCAL 27/06/2019), do que é promotor, MIGUEL. A. BARREIRO REIRIZ en parcela con refª catastral nº 15074A840003370000ZJ.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como o informe técnico favorable emitido polo arquitecto técnico Manuel Sabín Sabín, en tarefas de asesoramento á corporación, tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente así como as condicións técnicas de seguridade e salubridade con sinatura de día 8 de xuño de 2021 facendo constar que a vivenda construída cumpre as condicións de habitabilidade, seguridade e salubridade, axustándose á licenza de edificación concedida anteriormente

VISTO o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Secretario Xeral, Juan Manuel Salguero de Valle, de data 14/06/2021, considerándose que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a **XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER a D. MIGUEL. A. BARREIRO REIRIZ LICENZA DE PRIMERA OCUPACIÓN para REFORMA E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR, CONTRUÍDA AO AMPARO DA LICENZA DE OBRA Nº 17/19 (XUNTA DE GOBERNO LOCAL 27/06/2019), do que é promotor, MIGUEL. A. BARREIRO REIRIZ, sita no lugar do Sego nº 12, Artes, Ribeira en parcela con refª catastral nº refª catastral nº 15074A840003370000ZJ, de acordo coas determinacións da **Certificación Final de Obra con dilixencia favorable do polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 30 de abril de 2021, asinados polo Arquitecto D. Miguel Martínez Castro e polo Arquitecto Técnico Oscar Manuel González Tubio, **Acta de Recepción de Edificio Terminado, Xustificante da declaración catastral do Modelo 900-D**, Certificado de instalación eléctrica e o xustificante da súa inscrición no rexistro autonómico correspondente, **Documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións de auga, Certificado de idoneidade emitido pola empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de augas (VIAQUA)** de data 22 de abril de 2021**

SEGUNDO.- Os interesados deberán actualizar os datos catastrais a efectos do actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

TERCEIRO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*

Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.



14.- APROBACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS (ESCOLA DE SURF).

Vista a proposta de aprobación de prezo público da Concelleira Delegada de Deportes, Juana María Brión Santamaría, de data 07/06/2021, no que solicita a aprobación de prezo público para a organización duns cursos de surf durante os meses de verán, destinados a persoas xovenes nadas entre os anos 2012 e 2002 (ambos incluídos). Os cursos terán unha duración de unha semana (5 clases, de luns a venres, de 2 horas de duración); ofertándose 100 prazas distribuídas en 7 semanas en horario de mañá.

Visto o informe emitido ao respecto polo **Interventor Municipal**, Pablo Bao Castro, de data 07/06/2021.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

1.- A aprobación do **prezo público de 40,00 €** por participante na Escola de Surf, que inclúen: 10 horas de clase con monitor especialista, seguro de actividade e o material necesario para o seu desenvolvemento.

2.- Publicar un anuncio que dea conta da aprobación do prezo público, tanto no Taboleiro Oficial de Anuncios do Concello, como nas dependencias do servizo que organize a actividade, que deberá ser exposto desde o día seguinte ao de adopción do presente acordo, e non poderá ser retirado ate que as actividades previstas teñan rematado.

15.- ADHESIÓN DE EMPRESAS E AUTÓNOMOS AO PROGRAMA CAMPARIBEIRA VERÁN 2021

Vista a proposta presentada pola Concelleira delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández, de data 08/06/2021, na que se propón a adhesión de empresas e autónomos ao Programa Camparibeira Verán 2021, e no que sinala:

“Área de Cultura do Concello de Ribeira promove de novo o programa BONO CONCILIA CAMPARIBEIRA VERÁN 2021 que foi realizado xa no exercizo 2020 co obxectivo de axudar ás familias ribeirenses a conciliar a vida laboral e familiar, ao tempo que se estimula e xera traballo nas empresas e profesionais autónomos con domicilio social no noso municipio, que ofertan servizos de ocio e tempo libre para a poboación infantil e que viron afectada gravemente a súa actividade durante o Estado de Alarma.

Unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia número 101 de 01/6/2021 Extracto do acordo da Xunta de Goberno Local de 27 de maio de 2021 que aproba as Bases polas que se convoca o programa de achegas “Bono Concilia Camparibeira verán 2021”.

De conformidade co artigo 16. Pagamento

- Non se abonará cantidade algunha aos solicitantes da axuda, xa que a cantidade concedida será directamente abonada á empresa ou profesional autónomo que organizase o campamento obxecto da solicitude, sendo descontada do prezo total a pagar polo solicitante; a empresa deberá reintegrar ou descontar na súa totalidade dita cantidade ao beneficiario. O pagamento será realizado polo Concello de Ribeira a través de transferencia bancaria, de xeito mensual, nun único pago total correspondente a todas as axudas desa mensuralidade que figurasen aprobadas polo órgano competente e previa presentación de factura mensual por parte do empresario adherido a este programa de bonos.*



2. As empresas e profesionais autónomos que desexen participar deberán adherirse ao programa a través do correo electrónico culturaefestexos@ribeira.gal facilitando os seguintes datos: Nome e apelidos ou denominación social, enderezo fiscal, cif ou nif, IBAN, nome da persoa responsable, epígrafe do IAE que habilite á realización da actividade, custo mensual do/s campamento/s e modalidades que ofrezca e teléfono de contacto e deste xeito consentirán a información das mesmas ás familias beneficiarias para que reclamen os seus servizos co fin de poder aplicarlle as axudas ou bonos; asemade entenderase que reúnen os requisitos especificados nestas bases.
- En todo caso, o Concello de Ribeira poderá requirirles calquera documento obrigatorio para a participación deste programa polo que non é necesario a súa presentación no momento da adhesión.

Conforme aos datos recibidos no correo electrónico culturaefestexos@ribeira.gal, feitas as oportunas comprobacións de que cumpren co establecido nas anteditas bases, propónse a **ADHESIÓN AO PROGRAMA** das seguintes empresas/autónomos:

1. GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO S.L
2. PAULA MARTÍNEZ GAGO "GLOBIOCIO"
3. FIT SPORT NATURAL S.L.
4. ANTÍA FONTAÍÑA FALQUE "O XARDIN VENTUREIRO"
5. ÍCONO STUDIO CB"

Vista a documentación que obra no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a adhesión de empresas e autónomos ao Programa Camparibeira Verán 2021 que a continuación se relacionan, según o sinalado na citada proposta:

1. GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO, S.L.
2. PAULA MARTÍNEZ GAGO "GLOBIOCIO"
3. FIT SPORT NATURAL, S.L.
4. ANTÍA FONTAÍÑA FALQUE "O XARDÍN VENTUREIRO"
5. ÍCONO STUDIO, C.B.

A adhesión ao programa implica o cumprimento das obrigas recollidas nas bases, indicadas no seu artigo 17. *Obrigas das empresas e profesionais autónomos adheridos á campaña.*

16.- CONCESIÓN DE ACHEGAS AOS BENEFICIARIOS DOS BONOS CONCILIA CAMPARIBEIRA VERÁN 2021 SOLICITADOS ATA DATA NÚMERO DE REXISTRO Nº 2100009898 DE 11/06/2021.

Vista a proposta presentada pola Concelleira de Cultura, María José Sampedro Fernández, de data 14/06/2021, na que expón:

"Conforme as Bases reguladoras do programa BONO CONCILIA CAMPARIBEIRA VERÁN 2021 que foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Ribeira de data 27/5/2021 cuio extracto da convocatoria foi no BOP nº 101 de data 01/06/2021.

De acordo co punto 1 do artigo 16 das bases, "non se abonará cantidade algunha aos solicitantes da axuda, xa que a cantidade concedida será directamente abonada á empresa ou profesional autónomo que organizase o campamento obxecto da solicitude, sendo descontada do prezo total a pagar polo



solicitante; a empresa deberá reintegrar ou descontar na súa totalidade dita cantidade ao beneficiario.”

O persoal da área de Cultura avaliou todas as solicitudes recibidas a través do Rexistro Xeral do Concello de Ribeira no período comprendido entre o 02/06/2021 o 11/06/2021 (dende número de entrada 202100008902 ata 2100009898), ambos inclusive, cun total de 121 nenos/as participantes, formulando a proposta de concesión de achega que corresponda segundo os criterios das bases, tal e como figura no ANEXO I desta proposta.

Tendo en conta que non se esgota o crédito orzamentario habilitado para este programa e o prazo de solicitudes permanecerá aberto ata o 10 de agosto do presente, de xeito semanal emitirase por parte da área de Cultura un informe e proposta a XGL resolvendo a concesión das novas solicitudes segundo proceda no que as bases da convocatoria determinen.”

Polo exposto, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Aprobar** a CONCESIÓN dos bonos correspondentes ás solicitudes recibidas no Rexistro Xeral do Concello de Ribeira a entre o 02/6/2021 o 11/6/2021 ambos inclusive, coa reserva das seguintes por ter requirido documentación que considérase necesaria para a súa valoración e serán informadas na segunda quenda.
- **Rebeca Teira Olveira** (Nºrexistro 202100009406 de 08/6/2021 de Amaia Quintans Teira)
- **Verónica Mariño Martínez** (Nºrexistro 202100009448 de 08/6/2021 de Alex Cameán Mariño)
- **Teresa Parada González** (Nºrexistro 202100009894 de 11/6/2021 de Dayana González Parada).
- **Non cumpren** os requisitos establecidos nas bases da convocatoria e, polo tanto non conceder axuda as solicitudes que corresponden a:
 - **Ana Pérez Carreira** (Nº rexistro 202100009318 de 07/6/2021 de Pablo Vidal Pérez: nado 23/6/2008)
 - **Nerea Vidal Crujeiras** (Nºrexistro 202100009408 de 06/6/2021 de Mia Basoco Crujeiras: horario do campamento 10.00-13.00h)

17.- SOLICITUDES DE SUBVENCIONS – MODIFICACIÓN “RIBEIRA FAI CAMIÑO”. SUBVENCIÓN XACOBEO

Vista a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Turismo e Comercio, Ramón Doval Sampedro, de data 14/06/2021, no que sinala:

“Según a orde do 29 de novembro de 2019 da AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, pola que se establece as bases que regulan as axudas e subvencións a proxectos de promoción e dinamización do Xacobeo 2021 dentro do programa O teu Xacobeo para os anos 2020 e 2021. (DOG 29/11/2019, núm. 228).

O Concello de Ribeira presentou o proxecto “Ribeira Fai Camiño” e, en consecuencia, a Axencia de Turismo de Galicia RESOLVEU conceder unha subvención para o proxecto solicitado de acordo coas seguintes condicións:



CONCEPTO	ORZAMENTO SUBVENCIONABLE	PUNTUACIÓN	PORCENTAXE	SUBVENCIÓN
"RIBEIRA FAI CAMIÑO"	20.611,81 €	70	0,45	9.275,31 €

Debido á situación da pandemia provocada pola COVID-19 e ás continuas restricións, vímonos obrigados a non poder levar a cabo a nosa proposta presentada inicalmente; polo agora presentamos unha modificación da mesma.

A continuación preséntanse as catro accións englobadas en "Ribeira fai Camiño"

1.- Rutas Xacobeas en barco "Ribeira Fai Camiño". Navegar pola Traslato desde Pontecesures a Ribeira

O novo proxecto "Ribeira Fai Camiño" centrase fundamentalmente na "Traslato", Ruta Xacobeas Marítimo-Fluvial Mar de Arousa e Ulla.

Dentro da programación do verán 2021 realizaranse Rutas Xacobeas en barco "Ribeira Fai Camiño" para navegar pola ruta Traslato desde Pontecesures ata Ribeira, onde vai destacar a riqueza cultural, natural e humana do Camiño de Santiago con estas viaxes en barco pola Ruta Xacobeas do Mar de Arousa e Ulla e as rutas a pé desde Corrubedo polo Camiño A Orixe.

O obxectivo é facer fincapé na excelencia que supón formar parte do único camiño marítimo terrestre Xacobeas e ademais ensalzar a recuperación do novo camiño desde Corrubedo, A Orixe.

Neste sentido os portos de Ribeira e O Grove marcan a entrada da Ría de Arousa por cuxas augas navegou a embarcación "de pedra" que transportou o corpo sen vida (decapitado en Terra Santa) do Apóstolo Santiago (Traslato), camiño a Iria Flavia, a actual vila de Padrón. Esta ruta na actualidade é un singular itinerario marítimo e fluvial.

Dous milenios despois un home, José Luís Sánchez-Agostino tivo a idea de recordar esta singradura e facela permanente no tempo, levantando un Vía Crucis e colocando 17 cruceiros de pedra que marcan o único Vía Crucis marítimo do mundo. Un destes cruceiros atópase localizado no actual parque de Pedra Pateira á beira do mar e da senda litoral de Ribeira de gran beleza natural e paisaxística.

A este Camiño hai que engadir outro, pois grazas ao esforzo investigador da Asociación Amigos do Camiño do Barbanza A Orixe, estase a vivir un novo fíto xacobeas, pois o Camiño A Orixe nace en Corrubedo e ten unha ruta con innumerables elementos patrimoniais e históricos ao longo do seu percorrido ata chegar a Santiago.

Este novo camiño a pé será, sen dúbida, o foco de atención durante os vindeiros anos posto que a organización entre os concellos do Barbanza é xa un feito e o ánimo de coñecemento e posta en valor deste novo percorrido xacobeas é un elemento fundamental para a dinamización cultural e turística de toda a península barbanzá.

A Traslato desde Pontecesures ata Ribeira levarase a cabo durante a tempada estival, desde o 27 de xuño ata o 29 de setembro (os días que se realizarán as rutas son os mércores e os domingos)

A continuación detallase a prestación do servizo:



Saídas programadas cunha duración de 120 minutos, distancia 26 millas náuticas (saída desde o porto de Pontecesures.

Esta ruta marítima Xacobeia percorre os máis destacados espazos patrimoniais costeiros que serán nomeados polos guías de a bordo, destacando sempre os fitos xacobeos como é o Cruceiro de Pedra Pateira.

Percorrido da Ruta

A travesía comeza no porto de Pontecesures, unha pequena vila situada nun lugar privilexiado, bañado polo Río Ulla e cerca da súa desembocadura na Ría de Arousa.

Recorrerá o Río Ulla, que limita coas provincias de A Coruña e Pontevedra e é o segundo río máis largo de Galicia.

Tras navegar por este fermoso río, realizarase unha parada para admirar os Restos das Torres do Oeste, situadas en Catoira, que foron construídas no século IX, para defender o Santuario dos Ataques dos vikingos, xa que a súa situación permitía controlar o tráfico marítimo á vez que protexía contra os invasores.

Durante a travesía, avistase o único Vía Cruzis marítimo fluvial formado por 17 cruceiros, onde poderán contemplar 12 deles, que están situados nas marxes do Río e na boca da Ría. A maioría foron construídos en 1960 por Alfonso San Martín Abelleira. Destacamos entre eses doce, a beleza de “El Calvario”, nome que reciben os tres cruceiros situados en Punta Patiño que foron construídos en memoria de Santiago Apóstolo e dos seus dous discípulos, Teodoro e Atanasio, que acompañaron os restos del Apóstolo.

Máis adiante, na desembocadura atoparase coa illa de Cortegada, coñecida como o bosque flotante, que pertence ao Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia e, que nas súas 42 hectáreas, alberga o maior bosque de Loureiro de Europa. A súa situación fai de división entre a Ría de Arousa e o Río Ulla.

Percorrerán un tramo da fermosa Ría de Arousa onde contemplarán centos de bateas, plataformas flotantes de madeira onde se cultivan os mexillóns e ostras. Farán unha breve parada nunha delas, para coñecer os segredos da forma de cultivo deste molusco bivalvo, estrela da gastronomía galega.

Surcarán a ría, pasando enfrente de Cabo de Cruz e a Pobra do Caramiñal ata chegar a Ribeira onde se desprazarán hasta o Faro de Corrubedo, onde comeza este o Camiño A Orixe.

*O primeiro que farán é contextualizar o por qué a ruta parte de Corrubedo. O motivo é porque esta fermosa parroquia pertencente ao concello de Ribeira ten que ver moito co Apóstolo Santiago; xa que Corrubedo foi doado no 919 por Ordoño II aos monxes de Antealtares, custodios do **sepulcro do Apóstolo Santiago**, ante o interese que tiña o Rey de Asturias en manter cristianizada esta zona para frear o asedio musulmán.*

*Saíndo do Faro de Corrubedo, dirección á Praia do Prado, explicarán moitos dos naufraxios sufridos ao longo da historia. Un petróglifo que ten moito que ver co Camiño de Santiago, atópase na parroquia de Corrubedo e, nesta ruta, pasarán por el, chámase o **Outeiro de Santiaguíño**, cun motivo cruciforme, outro serpentiforme, un círculo e un cuarto signo máis anodino....*

PROGRAMA DE HORARIOS DE SAÍDAS:



Saídas dous días á semana (mércores e domingos)

A embarcación utilizada será a "Palleiro Tres" con capacidade para 30 persoas.

Viaxes do 27 de xuño ao 29 de Setembro ambos incluídos (tres meses). Quedando do seguinte xeito:

Mes de xuño : 2 viaxes (día 27 e 30)

Mes de xullo : 8 viaxes (días 4, 7, 11, 14, 18, 21, 25, 28)

Mes de Agosto: 9 viaxes (días 1, 4, 8, 11, 15, 18, 22, 25, 29)

Mes de Setembro: 9 viaxes (días 1, 5, 8, 12, 15, 19, 22, 26, 29)

Lugar de saída e de chegada: porto de Pontecesures e porto de Ribeira.

CARACTERÍSTICAS DA EMBARCACIÓN:

Barco: Palleiro Tres 2ª Gi-2-3-14 , embarcación cuberta ", cunha medida de case 10 dez metros de eslora por 3.46 de manga.

Capacidade: 28 pasaxeiros + 2 tripulación

Orzamento:

Sen IVE: 12.235,52 €

Con IVE: 15.488 €

2.- Comunicación e xestión de redes sociais de "Turismo Ribeira" a través de campañas de promoción (Ruta Traslato).

A comunicación e a difusión é fundamental e imprescindible para dar a coñecer o Xacobeo e todas as accións que xiran arredor del.

Dentro do proxecto "Ribeira Fai Camiño" imos levar a cabo unha política de comunicación e de xestión de redes sociais de "Turismo Ribeira" a través da CREACIÓN DE CONTIDOS, PUBLICACIÓN POST, CAMPAÑA DE PROMOCIÓN FACEBOOK/INSTAGRAM.

Esta campaña levarase a cabo na tempada estival, nos meses de xuño a setembro.

Sen IVE: 2.644,64 €

Con IVE: 3.200 €

3.- Comunicación noutros medios locais de difusión como o Canal Barbanza a través da emisión dun spot publicitario

Levarase a cabo, tamén, na tempada de verán a realización e emisión dun spot publicitario da campaña: Turismo Ribeira que terá unha duración de 45" . Serán 6 pases diarios cun total de 270" en hora: Prime-time. Emisión en Canal Barbanza.

Sen IVE: 2.000 €

Con IVE: 2.420 €

4.- Comunicación en soporte papel

9.000 trípticos e cartelería a toda cor para dar a coñecer a Ruta Xacobeo do Mar de Arousa e Ulla. Este material de publicidade pon en valor os recursos culturais, naturais, patrimoniais, etnográficos e paisaxísticos da ruta.

Este material será distribuídos nos puntos de información turística e en feiras de Galicia, Portugal e a nivel nacional.



No tríptico descríbese o percorrido da ruta Xacobe de Ribeira destacando todos os fitos do patrimonio natural e cultura deste Camiño. Polo contido e forma deste material funxible os medios propios do concello non son adecuados, polo que se encargará a súa execución a unha empresa especializada en deseño e impresión de material de promoción turística.

Desestacionalización:

Este material divulgativo estará a disposición dos peregrinos ao longo de todo o ano.

Prezo:

Sen IVE: 435 €

Con IVE: 526,35 €"

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

- 1.- Acollerse ao sinalado na citada convocatoria e presentar a modificación do proxecto "Ribeira Fai Camiño" para levar a cabo na tempada estival do 2021 (xuño-setembro) para as actividades e proxectos dentro do programa "O teu Xacobeo" para os anos 2020 e 2021".
- 2.- Remitir a modificación do proxecto "Ribeira Fai Camiño" á Axencia de Turismo de Galicia para a súa aprobación.

18.- DACIÓN DE CONTA SENTENZA Nº 00174/2021 DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da sentenza nº 00174/2021 remitida polo Xulgado Contencioso Administrativo Nº 2 de Santiago de Compostela, de data 24/05/2021, así como o Auto aclaratorio da mesma, de data 27/05/2021, pola que se estima parcialmente o recurso contencioso-administrativo, PA 519/2020, interposto por Marcos M. Pérez Castro contra resolución da Xunta de Goberno Local, de data 01/10/2020, relativa a expediente de responsabilidade patrimonial

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes queda enteirada da sentenza de referencia e, por unanimidade dos presentes, **acorda** que se proceda ao cumprimento da mesma.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:00 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

